

INTERCAMBIO VILALBA-RENNES

O departamento de francés leva xa seis anos organizando intercambios.

No curso 2001-2002, comezamos cun proxecto que durou cinco cursos. Este proxecto fíxose conxuntamente cun Lycée francés, o lycée Jean Dautet de La Rochelle. Foron uns intercambios fructíferos e moi satisfactorios, tanto para os alumnos como para as profesoras que o organizamos.

Neste curso 2006-2007, logo do ciclo de La Rochelle que se pechou ós cinco anos, decidimos mudar de lugar e coñecer cos nosos alumnos outra rexión francesa. Escollemos a Bretaña, e en concreto a capital da mesma, a cidade de Rennes.

VIAXE A FRANCIA (19 – 30 DE MARZO)

Marchamos para Francia o 19 de marzo, rumbo a París. Alí estivemos 3 días visitando os lugares e monumentos máis emblemáticos da cidade da luz.

O día 22, chegamos a Rennes para vivir o intercambio propiamente dito. Os rapaces foron ás familias de acollida, de acordo cos emparellamentos feitos previamente polos profesores.

O día 23, fixemos unha visita do lycée Descartes, logo dunha charla de benvida do Proviseur, o director do centro. Pola tarde, coa axuda dunha guía, coñecemos a cidade medieval e o centro histórico.

Os días 24 e 25 foron de fin de semana nas familias de acollida.

O día 26, acudimos a visitar o Parlamento de Bretaña, tamén cunha guía. Pola tarde, paseamos pola cidade e polos centros comerciais.

O día 27, tiñamos organizada unha visita ó Mont Saint-Michel. Pola tarde, achegámonos ata Saint-Malo, unha cidade preciosa de mar.

O día 28, tocounos pasear por Brocéliande, un precioso bosque. Para esta visita tamén tiñamos a axuda dunha guía que nos levou ós lugares máis fermosos do bosque. Alí, narrounos as lendas que fan dese lugar un bosque máxico.

O día 29, día da nosa partida, acudimos pola mañá ó Museo de Arte de Rennes. Orientounos na nosa visita unha guía para percorrer ó museo.

Pola tarde, logo dun tempo libre breve para as últimas compras, saímos cara a Vilalba ás 18h00.

Chegamos á casa o día 30 pola mañá, cansos pero moi satisfeitos da nosa viaxe.

ACOLLIDA DO GRUPO FRANCÉS (21 – 27 DE ABRIL)

A segunda parte do intercambio empezou o sábado 21 de abril. Ese día, recibimos ós franceses diante do I.E.S. ás 17h00. Remataron o fin de semana coas familias de acollida.

O luns 23 de abril, tiñámoslles organizado un almorzo de benvida do centro. Foi seguido dunha visita do centro. Logo, asistiron a 2 clases. Pola tarde, foron visitar a centro histórica de Lugo.

O martes 24 de abril, acudiron a Coruña. Estiveron na Domus, Casa do Home. Pola tarde, visitaron a cidade antiga.

O mércores 25 de abril, tiñamos contratada para eles unha guía que lles mostrou a cidade de Santiago, facendo un percorrido polos seus monumentos, incluíndo o Museo do Pobo.

O xoves 26, a mesma guía acompañouse pola cidade de Pontevedra, rematando a súa visita na vila de Combarro.

O venres 27, marcharon cediño pola mañá, ás 8h00, porque tiñan planeado parar en Burgos.

Chegaron a Rennes o sábado 28 pola mañá.

A ORGANIZACIÓN DO INTERCAMBIO

O seminario de francés é, claro está, quen organiza o intercambio. Supón moito traballo de organización pero tamén de papeleo xa que contamos en todas as súas edicións, coa bolsa da Consellería de Educación para axudar economicamente nas estadias en centro da U.E.

A coordinación dos proxectos que se levan a cabo para esta beca vaise alternando entre ás profesoras, ata agora fixas no departamento: Fátima Pérez Calderón e Beatriz López Díaz. Neste curso, chegounos ó departamento outra profesora con praza definitiva, Ana Cabarcos Quintela. A partires de agora, seremos tres profesoras no departamento, e tamén, por suposto, para levar a cabo o intercambio.

Contamos coa colaboración, tanto para a organización como para acompañarnos na viaxe, da profesora de Historia do Arte do noso I.E.S., América García Fernández.

Beatriz López Díaz

Xefa do Departamento de Lingua Francesa